



RELOXIO DE AREA

O VIAXEIRO QUE FUXE

MANUEL VIDAL VILLAVERDE

P RIMERA evocación, tempo sen remorso, iniciación da historia, calquera tarde nun café. Entón acougamos a anguria dos días, calisquer locución, o labirinto das aulas, as horas que de súpeto estouran nesa delicuescencia que adoitamos chamar corazón, o tique-taque dunha noite de solitarias cervexas, tal vez whisky e viños con pedigree, adegas ás que xamais fomos convidados, caixas fortes onde aínda non saben do relatorio universarl de tódalas infamias, o cego sorriso de Jorge Luis Borges na primavera de Suiza, e o coitado de Friedrich Nietzsche riba dos ventos e as montañas: **Así falou Zaratrustra**, agora que sabemos das prazas públicas, da incertidume/certa do **Big Bang**, aqueles fermosos corpos da Quintana, física irisada de non sei cantas primaveras, silabario que acaso non reteña o memorando co Imperio, ou sexa: da ONU e do Fondo Monetario Internacional, todos coma barcos á deriva no asfalto putrescente da cidade, sucesos de prostíbulos e longas hamburguesas, almanaque que imos consumindo, mentres trepan os xeranos polos dedos, nas cavilacións que gardan o recordo dos anuncios a percorrer a praia baldeira, o paraíso inútil, os corpos aqueloutrados, só illas onde a melancolía soletrea os nomes, as mesmas palabras polas que debuxamos o camiño, o degoiro de ir tralo soño, outravolta a reiventar o mundo que non soubermos certo, a nebulosa empardecida, o azul duns ollos, o norte, cando todo discorre no derrroteiro da Expo, nidia Sevilla tantos metros de altitude sobre do nivel do músculo. Vigo sen máis, para dicírmonos no mesmo babiñón do sol que anunciaba o poeta Manoel Antonio: **E tatexan as pipas/co ademán políglota das bandeiras.**

Segunda lembranza. Brevidade que non sabemos neste desexo, dacabalo do almanaque,

entre ringleiras de mortos e moreas de pequenas guerras: paz de cadáveres nun medrar de herba e flores. Ti sen nome, a crónica que navega solerte polas escaleras mecánicas dos grandes almacéns: ¿vés de compras canda min?

Pero o calendario non ten a sensibilidade que devecemos. Fuxe das mans e da hora que habitamos. Outra xornada na mesma paixón, fuxidíos de seu, entre a realidade que despois recolle o cine, a poesía, o libro que che comentaba. Ti que asexas o redondel, que transcorre, ás voltas únicas de Vilachá, inercia da nostalgia, un aceno, digo, unha canción, a xeografía onde xogamos ás adiviñas, xornadas que nos acontecen nesta perseveranza.

Definitiva evocación. Coma outro martes, nun domingo dos moitos que escribo este diario que non digo. Viaxeiros de tantas e tantas risas, envés onde un pregunta cousas e máis cousas, ler a arela, proposta para unha salvación do expírito, do amasillo da caínza, a carne **mortal e rosa** que nos delata, a paisaxe de onde vimos, tentar o niño, a vida, a morte, unha sucesión harmónica de nós mesmos, ilusión que na vaguidade perseguimos.

A INDA así, o tempo non existe, só a delicada flor do loto que soubo miña amiga **Luz Poza Garza**, aquel rumor no Parque Inmóvil onde decote agoiramos a néboa e os barcos, bosques caducifolios a tantos graos de algures, aloumiños nun océano onde volver reinventar o sorriso.

Viaxeiros que fuxen, acaso non sexamos outra cousa. Aquí unha copa, aló a mesma canción, un silabario de brisas que irmos tirando, marcas, pequenas iras, cadáveres na liña inútil dos soños.

Velaí a man nun adeus plural, a non sei cantos quilómetros por hora, poesía que se nos foi indo, lanzalía, sabor, personaxes anónimos.